

RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre (2016): *A literatura e a intelectualidade galega vistas por Miguel de Unamuno*. Salamanca: Luso-Española de Ediciones, 270 pp.

A pesar do interese de Miguel de Unamuno pola literatura galega, ata agora non existía unha monografía que se ocupase do tema. Este baileiro vén enchelo o profesor e unamunólogo Alexandre Rodríguez Guerra, que leva máis de vinte anos investigando sobre a relación entre o escritor bilbaíno e Galicia e do que son mostra numerosos artigos e libros (*Unamuno, Galicia e os galegos*, 1999; *Epistolario galego de Miguel de Unamuno*, 2000; *Miguel de Unamuno e a lingua galega*, 2002; “A presenza de Miguel de Unamuno na prensa galega”, 2009; “De como os galegos contemporáneos de Miguel de Unamuno falaron del”, 2015...).

A literatura e a intelectualidade galega vistas por Miguel de Unamuno supón un novo chanzo para o coñecemento das relacións entre Unamuno e a intelectualidade galega, non só pola cantidade inxente e diversidade de fontes manexadas ás que nos ten afeitos Rodríguez Guerra, senón tamén pola habilidade no seu uso e o certo cruzamento, pola actualización bibliográfica e a capacidade para explicarlle ao lector ou lectora o relevante.

No noso percorrido non nos limitaremos en exclusiva ós textos escritos por Unamuno coa intención de seren publicados, senón que tamén nos fixaremos naquéloutros en que a súa palabra, con calquera outra finalidade, chegou a nós, ben como anotacións nos libros que aínda se conservan nos andeis da biblioteca de Unamuno, ben en distintos epistolarios, ben a través dalgún pequeno debuxo ou dedicatoria. Do mesmo xeito que tampouco nos limitamos ó estudo das fontes editadas modernamente, e

así, en bastantes ocasións foi preciso lidar directamente con fontes non exhumadas. (p. 11)

O libro consta dun limiar e seis capítulos. No “Limiar”, Rodríguez Guerra, ademais de presentar as fontes e a idoneidade da data de publicación no ano 2016¹, explica o seu obxectivo e a quen homenaxea, contextualiza a época na que se centra e informa sobre a maneira na que se reproducen os textos unamunianos. Velaquí a finalidade da monografía:

subministrar do xeito máis completo e organizado posible os centos de reflexións vertidas por Unamuno sobre a literatura galega, sobre a intelectualidade de berce galaico que, en galego ou castelán, aquén ou alén das nosas fronteiras, se dedicaron ó cultivo da palabra por medio da literatura e a transmitir cultura. (p. 11)

Trala presentación das abreviaturas utilizadas, o capítulo primeiro (“A literatura e a intelectualidade galegas vistas por Unamuno”) adianta e resume as consideracións de Miguel de Unamuno sobre a literatura galega e os seus intelectuais. Alexandre Rodríguez Guerra ultrapasa a simple exposición de datos e procura explicacións para determinadas opinións e feitos unamunianos: que “Unamuno focalizase a súa atención en individuos concretos e non tanto sobre o conxunto, literatura galega” (p. 18), que un dos aspectos máis recorrentes na caracterización unamuniana do pobo galego sexa “o do laio continuado” (p. 20), e que o carácter da literatura galega sexa “choromiqueiro” (p. 23) ou que rexeitase os Xogos Florais.

¹ Á que engadiríamos o centenario do nacemento de Borobó que tamén reparou na dedicación de Alexandre Rodríguez Guerra a Miguel de Unamuno.

“A literatura medieval”, denominada por Miguel de Unamuno “galego-portuguesa” ou “galaico-portuguesa”, centra o capítulo segundo. Segundo a análise documental de Rodríguez Guerra, Miguel de Unamuno consideraba esta poesía como culta. Do período XII-XIV, o único trovador citado polo bilbaíno é Afonso X o Sabio en relación coa poesía relixiosa. Do século XV, Unamuno menciona a Macías o Namorado e a Juan Rodríguez de Padrón a propósito da súa alma galega, da coita e da paixón amorosa. Aínda nos descobre Rodríguez Guerra un *leitmotiv* unamuniano: a nobre Inés de Castro.

O terceiro capítulo ocúpase do interese que a literatura dos Séculos Escuros e a literatura popular lle mereceron a Miguel de Unamuno. Desta época son relevantes as alusións a Francisco Sánchez, ao Padre Sarmiento, ao Padre Feijoo e á literatura popular galega. Os relixiosos citados destacan, para Unamuno, polo seu traballo constante e a súa erudición. En canto á literatura popular galega, as fontes manexadas por Rodríguez Guerra mostran o coñecemento de Unamuno do folclore galego, a pesar de que “Unamuno concibía que o campo había que cantalo dende a civilización urbana, non dende dentro coa/na propia voz dos campesiños” (p. 41).

O século XIX enche o cuarto capítulo de *A literatura e a intelectualidade galega vistas por Miguel de Unamuno*. Destes anos, Unamuno centrouse en Rosalía de Castro e en Manuel Curros, sinécdoque de toda a literatura galega contemporánea. Rosalía é a “autora galega que máis e mellores páxinas acaprou” (p. 45) e unha mostra son as “citas e referencias, o ton, o contido e o tratamento que nas mesmas se lle outorga á poeta galega, ata os versos de Rosalía que Unamuno sabía de memoria” (p. 45). Aínda que moitas desas citas xa eran coñecidas polos estudosos rosalianos, a monografía do profesor Rodríguez Guerra corrobora “con Alonso Montero que, malia existiren, non eran tantos os fragmentos unamunianos relativos a Rosalía que faltaban” (p. 46) por coñecer.

A investigación de Rodríguez Guerra é profunda e valiosa pois analiza a reprodución das composicións rosalianas por parte de Unamuno (mesmo con datos estatísticos), a presenza de Rosalía no programa docente e no pensamento do profesor da Universidade de Salamanca, así como as lecturas dos poemas de Rosalía, as anotacións que había nos libros da galega posuídos polo profesor e un anexo

documental coa obra de Miguel de Unamuno referida a Rosalía.

En canto ao outro escritor do Rexurdimento galego ao que Unamuno lle dedicou o seu tempo, Manuel Curros, grazas á consulta do profesor Rodríguez Guerra da documentación antiga e da máis recente (como a exhumada pola RAG), indícasenos que o ourensán foi aproveitado durante 44 anos. Menor atención, por parte de Unamuno, recibiron escritores e intelectuais galegos do século XIX como Valentín Lamas Carvajal, Concepción Arenal, o bispo Pedro Casas Souto, Nicomedes Pastor Díaz e o pintor Joaquín Vaamonde.

O século XX, tema do capítulo quinto, é o que máis espazo abarca neste imprescindible estudo de A. Rodríguez Guerra. Este desvelanos que Unamuno mostrou atención polos perseeiros galegos das letras castelás, sobre todo Emilia Pardo Bazán e Ramón del Valle-Inclán. A primeira foi a autora á que Unamuno lle dedicou máis páxinas, pois “tratáronse como dous grandes amigos” (p. 161). Con perspicacia, Rodríguez Guerra analiza esa relación baseada na confrontación dialéctica sobre diversos temas, na interrelación e influencia literaria e na cuestión lingüística.

En canto ao segundo, Valle-Inclán, trala revisión dos textos unamunianos e das fontes epistolares directas e indirectas, Rodríguez Guerra conclúe que “malia esa inequívoca tendencia consolidante de mutua consideración, os seus pensamentos sempre circularon libres de calquera atadura” (p. 231).

Outros intelectuais que recibiron maior ou menor dedicación de Unamuno foron V. Said Armesto, R. Menéndez Pidal, S. de Madariaga, V. García Martí, C. Bargiela, R. Blanco Torres, X. Bóveda, G. Busto, J. e F. Camba, F. Dato Muruais, P. Feijoo, V. García de Diego, C. de la Riega, A. López Peláez, E. Luis André, M. Murguía, J. Neira Cancela, S. Pérez Casanova, D. Rodríguez Castelao, L. Taboada, L. Antón del Olmet, J. González Alonso, J. Rodríguez Martínez, A. Vicenti, J. Pan de Soraluze, Ramón Otero Pedrayo e a revista *Alfar*.

No capítulo final (“Finda”) Alexandre Rodríguez Guerra reitera, partindo de máis de 300 citas de Unamuno espalladas por 235 documentos diferentes (publicacións escritas, fondo epistolar, discursos, conferencias, entrevistas, dedicatorias), que a literatura galega medieval para Unamuno “é a primeira manifestación lírica culta peninsular”, que para el “a literatura

galega en xeral, e decimonónica en particular, son choromiqueiras e cunha nota monocorde: a do laio” (p. 255), mentres que a literatura galega contemporánea “é a verdadeira grande ausente na obra do escritor vasco, sobre todo se a comparamos coa literatura catalá” (p. 256). Se o idioma galego carecía de credibilidade, tamén a súa literatura “(o) demais en Unamuno é literatura castelá escrita por galegos” (p. 256) e, por riba de todos, destacan Pardo Bazán, Valle Inclán e Menéndez Pidal. Por tanto, retomando a afirmación de X. Alonso Montero, A. Rodríguez Guerra considera que Unamuno lle prestou “atención a todo o galego, e dun xeito distinguido, á súa literatura” (p. 253) e

Aínda que a dedicación ós diferentes autores é moi variable, é innegable que, coma noutras oportunidades, a atención que Unamuno lle prestou ós escritores e intelectuais oriúndos das terras galegas foi o suficientemente importante como para que estes deixasen unha notoria pegada na súa produción, pública ou privada. (p. 257)

Parabéns ao autor e á editorial por este coitado libro de consulta obrigada para calquera unamunólogo e persoa interesada na lingua e na literatura galegas. Só nos resta animar á lectura desta monografía que, ademais de encher un baleiro, lle asegura ao lector ou lectora información e segura documentación histórica, pero tamén amena e curiosa distracción porque engaiola “polo magnetismo irresistible do libro feito con paixón e meticulosidade” (Mariño Paz 2000: 12).

Ana ACUÑA
Universidade de Vigo
ganime@uvigo.es

Referencia bibliográfica

Mariño Paz, Ramón (2000): “Limiar”, en A. Rodríguez Guerra, *Epistolario galego de Miguel de Unamuno*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 11-12.